



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 12/11/2019



PARLAMENTO
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.2 10/MOC-000163 (0058123).....	3
(0058123) Entrada da iniciativa.....	4
(0058737) Emendas dos grupos parlamentarios	6
3.3 10/MOC-000164 (0058144).....	8
(0058144) Entrada da iniciativa.....	9
(0058738) Emendas dos grupos parlamentarios	11
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	14
4.1 10/PNP-002782 (0037155).....	14
(0037155) Entrada da iniciativa.....	15
(0058744) Emendas dos Grupos Parlamentarios	18
(0058736) Emendas dos Grupos Parlamentarios	21
(0058741) Emendas dos Grupos Parlamentarios	23
4.2 10/PNP-003873 (0051691).....	25
(0051691) Entrada da iniciativa.....	26
(0058716) Emendas dos Grupos Parlamentarios	29
4.3 10/PNP-003912 (0052312).....	31
(0052312) Entrada da iniciativa.....	32
(0058742) Emendas dos Grupos Parlamentarios	39
4.4 10/PNP-004135 (0055910).....	41
(0055910) Entrada da iniciativa.....	42
(0058740) Emendas dos Grupos Parlamentarios	47
(0058746) Emendas dos Grupos Parlamentarios	49
4.5 10/PNP-004240 (0057302).....	50
(0057302) Entrada da iniciativa.....	51
(0058734) Emendas dos Grupos Parlamentarios	54
4.6 10/PNP-004246 (0057356).....	56
(0057356) Entrada da iniciativa.....	57
(0058717) Emendas dos Grupos Parlamentarios	59
4.8 10/PNP-004317 (0058006).....	61
(0058006) Entrada da iniciativa.....	62
(0058735) Emendas dos Grupos Parlamentarios	65
(0058747) Emendas dos Grupos Parlamentarios	67
4.9 10/PNP-004335 (0058181).....	69
(0058181) Entrada da iniciativa.....	70
(0058720) Emendas dos Grupos Parlamentarios	74
(0058743) Emendas dos Grupos Parlamentarios	76
(0058745) Emendas dos Grupos Parlamentarios	77

3. MOCIÓN.

3.2 10/MOC-000163 (0058123)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Carmen Santos Queiruga

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 56972, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

(0058123) Entrada da iniciativa

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA


PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 25/10/2019 12:44:09
Nº Rexistro: 58123
 Data envío: 25/10/2019 12:44:09.940

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 56972, sobre a política do Goberno galego en relación co déficit de socorristas, que foi tratada na sesión plenaria do 22 de outubro de 2019. (10/INT-001923).

MOCIÓN

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Promover a estabilidade do emprego mediante tipos de contratación que favorezan ampliar as tempadas (1 xuño-30 setembro) e as xornadas de traballo, mesmo mediante contratación plurianual, que inclúa o mantemento e fidelización do mesmo cadro de persoal dunha tempada para outra.
- 2.- Ofrecer ás entidades locais a posibilidade de incorporarse a unha convocatoria unificada (como se fixo coas Policía Local) permitindo ademais o acceso de todas as persoas inscritas no rexistro sen esixir a inscrición no Servizo Público de Emprego como requisito previo.
- 3.- Incrementar orzamentos para facer a formación máis accesible e favorecer o acceso a algunhas titulacións relacionadas mediante cursos ponte (INEF ou TAFAD).
- 4.- O recoñecemento profesional acorde coa esixencia de titulación técnica na escala correspondente.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: REXISTROdwiY55/A7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2019 12:44:09
Nº Rexistro: 58123
Data envío: 25/10/2019 12:44:09.940

5.-Aportar recursos económicos para cubrir parte do servizo a aquelas entidades locais que o precisen mediante procesos subvencionais, podendo, así, atender máis zonas e non só as que responden a esixencias de distintivos como bandeiras azuis.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Vicevoeira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 25/10/2019 12:43:10



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



(0058737) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **58123 [10/MOC-000163]**, do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 56972, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

“6) Promover xunto con todas as partes a aprobación dun convenio específico do sector. En tanto que non se aprobe este convenio, garantir unhas condicións laborais e salariais mínimas para todo o persoal de socorrismo.

7) Establecer un sistema de subvención estábel e plurianual para cofinanciar a contratación de persoal por parte dos concellos.

8) Elaborar un estudo sobre mortalidade nas praias e noutros espazos de baño que teña en conta: incidencias por praia ou zona de baño, perigosidade das zonas de baño, causas da sinistralidade, idade e sexo das vítimas, datos por meses/estacións do ano, medios dispoñíbeis, etc.

9) Revisar o SAPRAGA e aumentar o número de praias con cobertura obrigatoria de persoal de salvamento e socorrismo.

CSV: REXISTROXERAL0058737
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csvf





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 16:53:01
Nº Rexistro: 58737
 Data envío: 11/11/2019 16:53:01.385



REGISTRO
 Nº 177044272
 04/2009
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

10) Desbotar a creación da figura do auxiliar de socorrismo.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG


Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2019 16:42:06

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 16:42:19





3.3 10/MOC-000164 (0058144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 56887, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

(0058144) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 22 de outubro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise climática (10/INT-001915, doc. núm. 56887)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, dentro do marco da crise climática que afecta tamén a Galicia, adoptar medidas reais, con asignacións orzamentarias anuais concretas, para loitar, mitigar e nos adaptar ao cambio climático, tales como:

1. O establecemento, nesta lexislatura, dun plan autonómico de descarbonización, ao amparo do PNIEC, co horizonte de acadar unha economía neutra de carbono no ano 2030, e que conteña, como mínimo, alternativas para a produción de enerxía a partir de fontes diferentes ao carbón e solucións compensatorias para unha transición ecolóxica xusta.
2. O aumento do uso de materiais reciclados nas obras públicas, co obxectivo de se achegar ao 40 por cento antes dun prazo de 4 anos.
3. A promoción de acordos e convenios con outras administracións para cofinanciar programas e accións concretas contra a crise climática.
4. A aprobación dun plan de fomento das enerxías renovables e do autoconsumo enerxético no sector público galego con partida orzamentaria para o 2020.
5. A promoción dun plan completo de I+D+I para o fomento de tecnoloxías e infraestruturas para a adaptación ao cambio climático nos sectores estratéxicos galegos, especialmente no agro.
6. O impulso dun estudo para o posible aseguramento dos efectos orixinados polo cambio climático nas perdas que se poidan ocasionar como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos extremos e polo cambio de patróns climáticos.
7. A creación, antes de que remate este período de sesións, duna mesa de traballo para a redución da contaminación luminosa en Galicia, en colaboración con outras administracións, as universidades galegas e a Fegamp. De dita mesa sairán como conclusións normativa autonómica





sobre a dita materia e un informe, do que se dará traslado aos grupos parlamentarios.

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2019 14:22:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/10/2019 14:22:41





(0058738) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 16:53:11
Nº Rexistro: 58738
 Data envío: 11/11/2019 16:53:11,807



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **58144 [10/MOC-000164]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 56887, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos

“8. A creación dun Comité de crise para a emerxencia climática, coa participación de todas as administracións con competencias en Galiza, co obxecto de estudar e coordinar as liñas de actuación e as medidas no curto, medio e longo prazo.

9. A creación da Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.

10. O desenvolvemento das seguintes medidas urxentes para combater o cambio climático:

-Ampliación da Rede Natura con base na proposta sometida a información pública no ano 2012.

-Protección de humidais e masas de auga tanto interiores como costeiras.

CSV: REXISTRO4-DTBK9
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 16:53:11
Nº Rexistro: 58738
 Data envío: 11/11/2019 16:53:11.807



REGISTRADO
 Nº 177041219
 0442600
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

- Cambio do modelo forestal apostando polo monte multifuncional e o bosque atlántico fronte aos cultivos enerxéticos e forestais que degradan os solos, diminúen a biodiversidade e favorecen a propagación dos incendios forestais

- Cambio no sistema de tratamento de residuos reducindo a incineración ao mínimo imprescindible, potenciando a prevención, a redución e a reutilización, fomentando a compostaxe da materia orgánica, establecendo o sistema de devolución e retorno para envases e embalaxes, e promovendo a reutilización dos residuos industriais fronte ás denominadas eufemisticamente “operacións de valorización” xa que teñen graves impactos ambientais.

- Aprobación da lei e do plan director da mobilidade sustentábel, saudábel e segura

- Paralización de infraestruturas e equipamentos como os macrocentros comerciais que teñen impactos moi negativos no medio

- Aproveitamento sustentábel dos recursos xeolóxicos.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO410TIB49
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp_bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:53:11
Nº Rexistro: 58738
Data envío: 11/11/2019 16:53:11.807

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2019 16:42:40

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 16:42:47

CSV: REXISTRO-HOTIBK9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-002782 (0037155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas



(0037155) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37155
 Data envío: 19/09/2018 18:48:19.932

Á Mesa do Parlamento.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado ano, o Executivo español presidido por Mariano Rajoy anunciaba a posta en marcha dun Plan extraordinario de investimentos en estradas, o PIC. Un novo mecanismo de financiamento extraordinario co que se buscaba darlle un novo impulso ás infraestruturas viarias de España.

Segundo os cálculos do propio Goberno, o PIC suporía un investimento aproximado de 5.000 M€ e permitiría actuar sobre máis de 2.000 km de estradas en catro anos. Con esta iniciativa, o Executivo presidido por Mariano Rajoy buscaba completar os tramos pendentes da Rede Transeuropea de Transportes; adaptar as principais autovías existentes ás esixencias da nova normativa de sinistralidade, ruído e emisións; e garantir a conservación de todas as infraestruturas que se constrúsen no marco desta iniciativa.

De acordo ás necesidades de priorización trasladadas polo Goberno da Xunta, no mes de abril deste mesmo ano o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, anunciaba a inclusión, neste Plan extraordinario de investimentos, da execución da autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño: unha infraestrutura estratéxica para a Comunidade ao conectar a cidade olívica coas autovías A-52 (Ourense-Madrid) e A-55 (á fronteira portuguesa). Unha autovía de novo trazado que virá ofrecer unha alternativa funcional á actual autovía (A-55), que soporta tráfico moi elevados e presenta un alto índice de sinistralidade.

Deste xeito, o Plan extraordinario de investimentos en estradas convertíase en garantía de execución, no medio prazo, dunha infraestrutura de case 10 quilómetros, cuxo trazado discorre na súa meirande parte en túnel, e cun elevado investimento, case 340 M€.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
 gp-pp@parlamentodegalicia.es
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37155
 Data envío: 19/09/2018 18:48:19.932

O pasado día 6 de setembro, o ministro de Fomento, o señor José Luis Ábalos Meco, interviña no *Fórum Europa*, organizado por *Nueva Economía Fórum*. No seu discurso, o ministro deslizaba dúbidas respecto ao Plan Extraordinario de Investimentos en Estradas, PIC, impulsado polo anterior Goberno do Estado presidido por Mariano Rajoy.

Neste grupo parlamentario preocupámonos as declaracións do ministro de Fomento, sementando dúbidas sobre a continuidade do Plan extraordinario de investimentos en estradas. E preocupámonos estas declaracións do Ministerio porque isto podería deixar en suspenso e aprazado *sine die* o impulso dunha infraestrutura fundamental para a competitividade de toda a comarca de Vigo e, sobre todo, esencial para o reforzo da seguridade viaria a través da construción dunha vía alternativa á actual A-55 que, como se ten dito, rexistra unha altísima sinistralidade.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Ministerio de Fomento que confirme o compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto ou, no seu caso, pola vía orzamentaria, e que continúe cos trámites administrativos necesarios para a licitación das obras desta nova autovía no ano 2019”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 18:43:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
 gp-pp@parlamentodegalicia.es
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37155
Data envío: 19/09/2018 18:48:19.932

Teresa Egerique Mosquera na data 19/09/2018 18:43:27

María Ángeles Garcia Míguez na data 19/09/2018 18:43:39

Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2018 18:43:46

Moisés Rodríguez Pérez na data 19/09/2018 18:43:59

Martín Fernández Prado na data 19/09/2018 18:44:09

Jaime Castiñeira Broz na data 19/09/2018 18:44:23

Diego Calvo Pouso na data 19/09/2018 18:44:41

Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2018 18:44:52

Marta Novoa Iglesias na data 19/09/2018 18:45:11

María Julia Rodríguez Barreira na data 19/09/2018 18:45:27

Gonzalo Trenor López na data 19/09/2018 18:45:47

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/09/2018 18:46:09

(0058744) Emendas dos Grupos Parlamentarios

**GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:04:43
Nº Rexistro: 58744
Data envío: 11/11/2019 18:04:43.584

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 37155, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, incluída na orde do día da sesión plenaria do día 12 de novembro de 2019. (10/PNP-002782).

EMENDA

Débesse substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1- Instar ao Goberno do Estado a que realice un estudo sobre os custos da recuperación para o público da AP9.
- 2- Instar ao Goberno do Estado a que invista na recuperación da AP9 os orzamentos que irían destinados á construción dunha vía alternativa á A55.
- 3- Instar ao Goberno do Estado a elaborar un estudo dos tramos da AP9 que precisarían dunha vía alternativa de alta capacidade unha vez liberada das peaxes abusivas.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



**GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:04:43
Nº Rexistro: 58744
Data envío: 11/11/2019 18:04:43.584

- 4- Crear a Mesa do Transporte Galego, con todos os axentes máis directamente implicados: concellos, deputacións, anpas, traballadoras e empresas.
- 5- Incrementar significativamente os orzamentos previstos para o novo plan de transportes de Galicia, co obxectivo de dinamizar esta forma de mobilidade.
- 6- Instar ao Goberno do Estado a impulsar a modernización da saída sur do eixo atlántico ferroviario.
- 7- Instar ao Goberno do Estado a facer efectivo o acordo do Parlamento de Galicia no incremento de frecuencias do Eixo Atlántico.
- 8- Instar ao Goberno do Estado a traspasar as competencias de cercanías para a implementación deste servizo en distintos tramos do Eixo Atlántico.
- 9- Impulsar as vías peonís e ciclistas que transcorrerían de maneira paralela á AP9.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:04:43
Nº Rexistro: 58744
Data envío: 11/11/2019 18:04:43.584

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 11/11/2019 18:03:35

José Manuel Lago Peñas na data 11/11/2019 18:03:48



CSV: REXISTROZKJAS69
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



(0058736) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 16:52:50
Nº Rexistro: 58736
 Data envío: 11/11/2019 16:52:50,994

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **37155 [10/PNP-002782]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de novembro de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta á Xunta a demandar do goberno central:

1. O impulso da construción dun novo vial entre Vigo e O Porriño con trazado en túnel desde a curva dos Muíños, e o financiamento da obra con cargo ao orzamento do Estado.
2. A gratuidade da peaxe entre Vigo e O Porriño, como alternativa de mobilidade á saturada e perigosa A55.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
 Deputado do G.P. do BNG

CSV: REXISTROUN09S1EX9
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:52:50
Nº Registro: 58736
Data envío: 11/11/2019 16:52:50.994



REGISTRO
Nº 177041212
2012003
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2019 16:47:20

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 16:47:25

CSV: REXISTRO180NSEX9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0058741) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do G. P. Popular número 37155 (10/PNP-002782)**, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 12 e 13 de novembro de 2019.

Emenda de supresión.

Débase suprimir o seguinte texto da parte dispositiva:

“a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto ou, no seu caso,”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 17:30:06
Nº Registro: 58741
Data envío: 11/11/2019 17:30:06.383

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 17:26:14





4.2 10/PNP-003873 (0051691)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria



(0051691) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia. Recentemente vense de convocar unha nova folga de facultativos de Atención Primaria, que terá lugar no 19 de xuño.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da Atención Primaria. A pesares desta primeira intención, as medidas tomadas foron limitadas e non se percibe impacto delas, e moitas cuestións foron tratadas por parte dos asistentes pero non implementadas. Cabe sinalar que estas xornadas de traballo non contaron ao inicio con colectivos que participan (ou deberan) no deseño e funcionamento da



CSV: REXISTROS4QUL6E9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/rammes/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



atención primaria, e que a Xunta tentou de parchear a situación convidando a algúns deles a posteriori, aínda que non a todos.

Ademais de ser un funcionamento criticado, por ineficiente, lento e por non contar cunha representación completa do sistema senón con parte del, a Xunta de Galicia comeza agora a asumir a ineficiencia dos seus primeiros movementos ao abrir novos procesos de traballo ao que ten convidado a participar a expertos profesionais procedentes doutros lugares e con experiencias en gobernos semellantes, estando entre eles referentes de políticas sanitarias desenvolvidas por gobernos socialistas e de progreso.

Esta asunción implícita de ter estado no camiño incorrecto, e adoptar agora unha posición que antes fora rexeitada con soberbia, provoca un novo escenario que segue a ser mirado con desconfianza por unha boa parte do conxunto dos profesionais, que manteñen a convocatoria de folga.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha mesa de diálogo entre os diferentes grupos parlamentarios na que participen os expertos profesionais en xestión sanitaria que a propia Xunta escolleu para desenvolver o novo modelo asistencial e de xestión en atención primaria.
2. Elaborar, nun prazo de tres meses, un documento de referencia de prioridades en termos de recursos humanos dentro do Sergas, co fin de detectar as necesidades máis urxentes e máis amplas en termos de volume de persoal.
3. Elevar a dotación orzamentaria para a atención primaria un 5% anual durante os vindeiros tres anos, dedicando fundamentalmente o incremento a contratación e estabilización do persoal.





4. Afrontar con decisión a negociación cos representantes dos profesionais dos PAC de Galicia para acadar unha solución aos problemas da situación laboral do persoal.

5. Expoñer a súa solución ás vacantes das xefaturas de servizo de atención primaria no área sanitaria de Vigo.


Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/06/2019 09:31:34

Noela Blanco Rodríguez na data 19/06/2019 09:31:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/06/2019 09:32:02



CSV: REXISTROS5AZQJ66V9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0058716) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas de substitución e adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 51691 (10/PNP-3873)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 12 e 13 de novembro de 2019.

Emenda de substitución.

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva polo seguinte texto:

“1. Abrir unha mesa de diálogo entre os diferentes grupos parlamentarios na que participen as persoas que compoñen as Comisións Sectoriais do Consello Técnico sobre Atención Primaria para desenvolver o novo modelo asistencial e de xestión en Atención Primaria.”

Emenda de adición.

Débase engadir, ao final do punto 2., o seguinte texto:

“, precedido dunha publicación sobre o número de persoal do SERGAS por EOXI e centros, diferenciando fixo e eventual, así como as previsións de xubilación.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

CSV: REXISTROEFA0SPX0W9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 13:00:57
Nº Registro: 58716
Data envío: 11/11/2019 13:00:57.921

Asdo.: Paula Vázquez Veroa
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 11/11/2019 11:12:22

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 11:12:34

CSV: REXISTRO\FroesPXGw9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>





4.3 10/PNP-003912 (0052312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006



(0052312) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
 Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política debe anticiparse ós problemas, é dicir, arbitrar solucións ós problemas que se anuncian. A área metropolitana da Coruña hai tempo que anuncia a necesidade de articular viariamente o seu espazo.

O crecemento urbanístico sen deseño nin proxecto coherente e a rede viaria insuficiente e caótica anuncian un serio problema de comunicacións se non se lle pon remedio.

Así se escenifica en xullo de 2004 nun encontro onde están presentes, entre outros, o actual presidente da Xunta, e os alcaldes de Oleiros, Culleredo e Abegondo. Tamén estaban os que no seu momento eran alcaldes da Coruña, Arteixo e Cambre.

O 20 de Setembro de 2004, sendo Conselleiro de Política Territorial o Sr. Feijóo e director o Sr. Agustín Hernández, publícase no DOGA, a resolución de 9 de setembro: “Pola que se fai publico o acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que se aproba definitivamente o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo).”





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
 Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



REGISTRADO
 Nº 177041212
 04/02/05
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

O Plan Sectorial nace coa premisa de ser algo máis ca un Plan de Infraestruturas da rede viaria. Para isto define determinacións de Política de Intervención Territorial que comprometen ós documentos que o desenvolven.

Entre estas determinacións destacamos as seguintes:

- **POTENCIACIÓN DA ACTIVIDADE COMERCIAL:**

“Mellora da accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador da actividade comercial.

- **MAIOR EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESIÓN SOCIAL.**

“Dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, de forma que se estableza un maior Equilibrio Territorial e Cohesión Sociais”.

- **LIBERALIZACION DE PEAXE.**

“Para potenciar a penetración polas vías de alta capacidade como a AP.9 ou a A.55 considérase necesaria a Liberalización da Peaxe nos tramos da área de estudio. Á súa vez a permeabilización da Autopista do Atlántico a través de novos enlaces dotaría dunha maior accesibilidade a zonas como o aeroporto de Alvedro ou á ría do Burgo. En concreto se prantexa realizar un enlace na Corbeira, na área de Servizo do Burgo, mellorar o enlace de A Barcala e Completar o enlace en Catro Camiños (libre de peaxe).

No acordo de Aprobación Definitiva do Plan Sectorial, posto que en Cambre non estaba definido o trazado, tómase a decisión de que sexa o propio Concello o que redacte a proposta de trazado neste tramo.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
 Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



REGISTRADO
 Nº 177041212
 05/02/09

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Literalmente di: “1.4. Deixase en suspenso o trazado do treito da vía 13 conexión A9/A6/N-VI (Cambre Oleiros) comprendido entre a estrada AC-221 (acceso ao polígono de Cambre) e a A6. o Planeamento de Cambre deberá incluír unha solución que una o polígono de Cambre coa A6, con características VR-80 entre o polígono e a AP-9 e, con características de C-80 e accesos controlados entre AP-9 e a A6.

En febreiro de 2006 o concello de Cambre redacta un proxecto de acordo axustado ás esixencias do Plan Sectorial no apartado 1.4 mencionado anteriormente.

A Xunta de Galicia aproba provisionalmente o proxecto de trazado con variacións substanciais que non se axustan nin ó aprobado en pleno polo concello de Cambre nin ó Plan Sectorial:

- A conexión coa AP-9, non contempla o nó de Catro Camiños con peaxe libre en todas as direccións.
- Se incorpora unha pata de conexión coa AP.9, na posición do lugar de Armental, con área de peaxe.
- O tramo entre a AP-9 e a A-6 defínese con características de VR-100 e non de C-80, tal e como estaba previsto.
- Non se realiza o nó previsto en Bribes.

O 23 de Abril de 2009 a Xunta de Galicia acorda a aprobación definitiva do proxecto de trazado, sen atender as alegacións e a pesares de que o documento non se axusta ás determinacións descritas e previstas no Plan Sectorial Viario. A escusa, naquel momento é que Fomento non permite a conexión libre de peaxe.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
 Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



REGISTRADO
 Nº 177041212
 04/2009
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

O 19 de Maio do 2009 o Concello de Cambre, ó non recibir xustificacións polo rexeitamento das alegacións presentadas e a absoluta desconsideración ás mesmas, presenta un Recurso de Reposición, que a día de hoxe, xuño de 2019 continúa sen resposta, 10 anos despois.

Transcorridas un cento máis de vicisitudes, reunións, mocións no concello, acordos dos alcaldes da área metropolitana, iniciativas parlamentarias... a fins de febreiro do presente ano 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra. Sacaron a licitación o tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses. A presentación de ofertas finalizou o 1 de abril pasado e todo ven indicar que as obras comezarán no verán.

O goberno galego decide facelo en 2 fases:

-O tramo entre a N.VI e a AC221 de 3kms máis o enlace co polígono do Espírito Santo de 1km.

-Un modificado entre a AC221 e a AP9 á espera da autorización do Ministerio de Fomento.

Estas dúas fases por 35,49millóns de euros ós que habería que sumar 1,5ME en expropiacións, 1,84ME por servizos afectados e 1,5ME en actuacións sobre instalacións e servizos da AP9.

Segundo os estudos de densidades de tráfico, de todo o tránsito captado pola Vía Ártabra entre a N VI e a AP9 tan só 1/3 provén do tramo anterior da Vía polo que se deduce que a captación maioritaria procedería da N VI. Por tanto, tráfico canalizados pola N.VI cara á cidade da Coruña serán transferidos á AP 9 a través da vía Ártabra e tamén do vial 18.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
 Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



REGISTRADO
 Nº 177041212
 04/2009
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Óptase así por facer da N.VI case unha vía urbana facendo máis beneficioso optimizar o aproveitamento do corredor que suporía a AP9 coma vía de alta capacidade en tránsito e en cobro porque as peaxes seguen vixentes.

Óptase pois polo enlace da Gándara que é máis custoso, menos lóxico e a pesar das xustificacións aparecidas na DIA altera un humidal, coma o topónimo indica, de grande interese para esta área metropolitana, ademais doutros bens de interese cultural.

A lóxica utilizada no Plan Sectorial aprobado en setembro de 2004 optaría por un trazado en malla que articulase a área metropolitana diminuíndo a densidade de tráfico na cidade e causando o menor impacto medioambiental.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-- Cumprir co acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial dando validez ó proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006.

-- Que a conexión coa AP-9 se leve a cabo por Catro Camiños con peaxe libre en tódalas direccións.

-- Que responda ao recurso de Reposición contra o trazado que enlaza na Gándara presentado en 2009 e que dez anos despois segue sen contestación.

-- Que declare publicamente que non haberá peaxes e que aclare por que se detallan as praias de peaxes a pesar das declaracións da Conselleira de Infraestruturas nas que aseguraba a inexistencia delas.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
 Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



REGISTRADO
 Nº: 270421212
 04/02/09
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

-- Que respecte as determinacións plasmadas no Plan Sectorial da rede viaria da Coruña de Política de Intervención Territorial nos que prima a “Potenciación da actividade comercial” coa mellora da accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador da actividade comercial,

-- Que respecte as determinacións plasmadas no Plan Sectorial da rede viaria da Coruña de Política de Intervención Territorial nos que prima un “Maior equilibrio territorial e cohesión social” coa dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, de forma que se estableza un maior Equilibrio Territorial e Cohesión Social.”

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 13:52:39
Nº Rexistro: 52312
Data envío: 05/07/2019 13:52:39.142



REGISTRADO
Nº 272041212
2012/05/05
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp_bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/07/2019 13:37:15

Xosé Luis Bará Torres na data 05/07/2019 13:37:25

María Montserrat Prado Cores na data 05/07/2019 13:37:32

Noa Presas Bergantiños na data 05/07/2019 13:37:40

Olalla Rodil Fernández na data 05/07/2019 13:37:47

Ana Pontón Mondelo na data 05/07/2019 13:37:55

CSV: REXISTRO4w7MFND2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0058742) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego núm. 52312 (10/PNP-003912)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no 2006, incluída na sesión plenaria do 12 e 13 de novembro de 2019.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1.- Desenvolver un novo Plan sectorial da rede viaria metropolitana de A Coruña baseado en propostas sustentables como o tren de cercanías, transporte colectivo onde non poda chegar o tren, aparcamentos disuasorios anteriores ás zonas de maior tráfico e nas paradas do tren, etc.

2.- En función das conclusións e actuacións do mencionado Plan do punto 1, adaptar o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo de 2004, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006, para facelos compatibles cun modelo de mobilidade mais sustentable e menos baseado na accesibilidade dos vehículos privados ao centro de a Coruña.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

CSV: REXISTRO:00587425
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 17:49:26
Nº Registro: 58742
Data envío: 11/11/2019 17:49:26.297

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 11/11/2019 17:48:08

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 17:48:19





4.4 10/PNP-004135 (0055910)

Grupo Parlamentario Mixto - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario Mixto - David Rodríguez Estévez
Grupo Parlamentario Mixto - Francisco Casal Vidal

Sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61



(0055910) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O medio ambiente é o soporte vital para a humanidade, do que nos esquecemos nalgun punto e hoxe está a piques de volverse unha situación irreversible.

Causas da crise climática en Galicia:

No noso país temos os grandes lumes, que van camiño de converterse en lumes de 6ª xeración. Temos constancia de lumes que asolaron o noso país en febreiro do ano 1989, cando faleceron 4 persoas e ardeu o noso país por mor da seca producida desde inicios do ano. A vaga de lumes continuou desde xullo a outubro e nela calcináronse 200.000 hectáreas, que recordan a algunhas das vagas de lumes máis recentes. Neste mes de setembro especialmente duro para Galicia posto que se queimaban en dous días máis de 1000 hectáreas e nesta fin de semana pasada 700 en varios incendios que castigan na maior parte ás zonas do interior de Lugo e Ourense, máis despoboadas, e onde máis biomasa sen control existe, precisamente por esa despoboación. Noutros incendios como o pasado de Cenlle, Ourense, obrigaba a cortar unha autovía a A-52. O incendio de Monforte e os que afectan maioritariamente na Gudiña na que levan ardidias case 1000 hectáreas débense a deforestación das frondosas autóctonas e a substitución por eucalipto nýtens e o pino, nunhas políticas máis próximas a obter beneficios e alta rentabilidade que a unha verdadeira política forestal.

CSV: REXISTRO08001247
Verificación:
<https://sede.parlamentod Galicia.gal/tramite/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 17/09/2019 17:34:51
Nº Registro: 55910
 Data envío: 17/09/2019 17:34:51.478

As emisións de gases á atmosfera, mediante uso desde o máis insignificante desodorante, matamoscas, ata as emisións de grande fábricas como a da central térmica das Pontes, a contaminación das augas e a non depuración das mesmas, (lembrar que a UE acaba de sancionar ao Estado por non aplicar a normativa de depuración de augas residuais en zonas urbanas), o uso de plásticos sen control, a man en definitiva das persoas vai rematar por acelerar unha crise climática á que se non lle poñemos freo nos levará irremediabilmente a un caos climático, no que só estamos a ver as primeiras consecuencias, con estes lumes voraces, e con as riadas e asolagamentos que se produciron en contraste noutras zonas do Estado, impropias deste mes, e impredecibles, que remataron traxicamente na perda de vidas humanas, e tamén na perda de recursos das persoas.

Consecuencias para Galicia da crise climática:

Veráns máis quentes e secos, con temperaturas que non se acadaran nunca no noso país, incremento das temperaturas medias anuais, invernos con pouca choiva, e temperaturas suaves.

Por contraste, cando se producen fenómenos meteorolóxicos típicos: tormentas, nevadas, cicloxéneses: as nevadas veñen a deshoras, provocando danos importantes como as causadas no ano pasado no que miles de árbores pereceron polo propio peso de ter as follas e froitos e que esgazaron ata secar e morrer, grandes cantidades de auga en pouco tempo que producen inundacións e desfeitas, ou xeadas intensas que prexudican ao sector agrario.

Invasións doutras especies como a avespa do castiñeiro, e a avespa asiática, invasión de especies que asolagan as augas limpas, matando a vida que hai nelas e que esixen, como no caso das mimosas e cianobacterias nos embalses, caranguexo vermello americano, o sapoconcho de Florida ou o visón americano nos ríos galegos, empregarse a fondo para combater a expansión descontrolada.

CSV: REXISTROCD80q1z47
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Neste contexto surxe a primeira norma recoñecida ou EMAS ou “Eco-Management and Audit Schem”, un Regulamento 183/1993 da UE relacionado cos Sistemas de Xestión Ambiental que facilita a participación de xeito voluntario das organizacións dos diferentes sectores industriais no Programa Europeo de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS), co fin de protexer a economía e o medio ambiente.

O Regulamento EMAS solicita aos diferentes estados membros da UE o establecemento de estruturas administrativas que apoien o programa e que permitan que as organizacións participen voluntariamente, desenvolvendo política e accións relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible tal e como establece no Tratado da UE asinado en Maastrich no ano 1992.

O Regulamento di que son as organizacións as que teñen que ter a súa responsabilidade á hora de xestionar o impacto ambiental que xeran coas actividades.

Este regulamento EMAS modificouse varias veces desde o nacemento co 1863/1993; 761/2001, 1221/2009, no que se realizan documentos de referencia sectorial, 1505/2017 e a última 2026/2018.

Nos documentos de referencia sectorial, que se manexan desde a última modificación, inclúese un específico dirixido á administración. Neles contéñense as mellores prácticas de xestión medioambiental, os indicadores de comportamento medioambiental e os parámetros comparativos de excelencia e sistemas de cualificación dos diferentes niveis de comportamento medioambiental.

As auditorías ambientais realízanse para controlar o desgaste e o abuso que o tecido empresarial exerce sobre o medio natural, e intentar reducir ese dano que se xera coas actividades produtivas logrando a maior eficiencia enerxética posible.

CSV: REXISTROCD80q1z47
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramite/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 17/09/2019 17:34:51
Nº Registro: 55910
 Data envío: 17/09/2019 17:34:51.478

Que facer?

As empresas, industrias, organizacións, administracións, etc., que cumpren a normativa de protección do medio ambiente e a prevención de actividades contaminantes fano a través da norma ISO 14001, que recolle os estándares mínimos que deben cumprir as empresas, e teñen uns obxectivos fixados en función da avaliación do impacto das súas actividades no medio ambiente.

As auditorías son a avaliacións da efectividade das medidas que a empresa adopta para a preservación do medio ambiente, incidindo nos ámbitos nos que é posible mellorar propondo medidas correctoras.

Estas auditorías recollen a información sobre o funcionamento da empresa que permite control, planificación e corrección das actividades que comprometen o medio ambiente e permiten ir innovando, o que aforra custes as empresas e organizacións que contan con estes sistemas de xestión e auditoría ambiental.

É necesario pois realizar unha auditoría climática, para saber o grao de cumprimento da normativa medioambiental e no seu caso propor as medidas correctoras necesarias no ámbito de toda a Administración pública galega e saber se se cumpre efectivamente a normativa relativa a sistema de xestión ambiental e auditorías medioambientais e os documentos de referencia sectorial aprobados, e que entraron en vigor en maio do 2019.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar auditorías ambientais en toda a administración pública galega, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos e verificar o grado de cumprimento do Regulamento 1221/2009, e a Decisión 2019/61 sobre o documento de referencia sectorial

CSV: REXISTROCD80q1z47
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 17:34:51
Nº Rexistro: 55910
Data envío: 17/09/2019 17:34:51.478

sobre as melloras prácticas de xestión ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da administración.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/09/2019 17:30:05

Paula Vázquez Verao na data 17/09/2019 17:30:10

David Rodríguez Estévez na data 17/09/2019 17:30:20

Francisco Casal Vidal na data 17/09/2019 17:30:27

CSV: REXISTROCD80q1z47
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



(0058740) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Mixto, sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61 (10/PNP-004135, doc. núm. 55910)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a verificar, antes do remate da presenta lexislatura, o grao de cumprimento na totalidade da Administración pública galega do Regulamento (EU) 1221/2009 e da Decisión 2019/61 (relativos á mellora das prácticas de xestión e auditoría ambiental na administración) e a poñer en marcha de maneira gradual o sistema “EMAS”, cando menos nos seguintes ámbitos:

1. Aumento da eficiencia enerxética nos edificios públicos.
2. Mellora no tratamento dos residuos.
3. Mellora na mobilidade sustentable a través da potenciación do uso do transporte eléctrico.
4. Melloras prácticas de xestión ambiental no subministro de auga.”

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 17:01:02
Nº Registro: 58740
Data envío: 11/11/2019 17:01:02.528

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/11/2019 17:00:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2019 17:00:20



CSV: REXISTROZ6W6E77
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0058746) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:22:06
Nº Rexistro: 58746
Data envío: 11/11/2019 18:22:06.153

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado **Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario Mixto **55910 (10/PNP-004135)**, Sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61.

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir na súa política de xestión ambiental a Decisión (UE) 2019/61 da Comisión do 19 de decembro de 2018 relativa ao documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da administración pública no marco do Regulamento (CE) n.º 1221/2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)”.

Santiago de Compostela, 11 de novembro 2019.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 11/11/2019 18:21:07

Pedro Puy Fraga na data 11/11/2019 18:21:17

CSV: REXISTRO000RGUTR7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



4.5 10/PNP-004240 (0057302)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Marcos Cal Ogando

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial

(0057302) Entrada da iniciativa

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA


PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 09/10/2019 16:52:05
Nº Rexistro: 57302
 Data envío: 09/10/2019 16:52:05.598

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A finais de setembro deste mesmo ano o Pleno do Concello de Mos aprobou cos votos favorables do Partido Popular a modificación puntual do seu PXOM para facilitar o proxecto de cidade deportivo-comercial do Celta de Vigo, que supón a recalificación de 864.000 m² de terreo, a metade deles monte comunal e a maioría solo de especial protección forestal con instrumentos de ordenación aprobados.

Xa está en consulta pública por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo*.

Ademais das instalacións deportivas, prevense 142.000 m² de superficie comercial en planta, segundo indicado polos promotores “para garantir a viabilidade económica da área dotacional deportiva”.

Neste procedemento o Concello de Mos recorreu a unha figura urbanística que, de aprobarse definitivamente, implicará a expropiación dos terreos por parte da administración para a súa entrega ao Celta.

Este proxecto non se xustifica nin dende o punto de vista do interese xeral, nin dende a racionalidade, ou da sustentabilidade.

Só se xustifica dende o punto de vista de favorecer o negocio privado dende as



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 09/10/2019 16:52:05
Nº Rexistro: 57302
 Data envío: 09/10/2019 16:52:05.598

institucións públicas.

O que se pretende é expropiar barato solo rústico, propiedade na súa maioría de comunidades de montes, e superficie forestal con instrumento de ordenación aprobados, para despois construír 142.000 m² de superficie comercial para que unha empresa privada faga un suculeto negocio por riba da vontade da comunidade de montes de Tameiga e por riba da preservación dos valores ambientais do monte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

- 1.- Non aprobar a modificación puntual do planeamento do Concello de Mos coa que se pretende facilitar a realización do proxecto deportivo e comercial.
- 2.-Potenciar o pequeno e mediano comercio e a súa conservación e expansión.
- 3.-Manter os terreos coa vocación forestal e de lecer para que funcionalmente faga parte do pulmón verde de Vigo, Mos e a súa área metropolitana.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
 Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
 gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: REXISTROglueh2xq6
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:52:05
Nº Rexistro: 57302
Data envío: 09/10/2019 16:52:05.598

Antón Sánchez García na data 09/10/2019 16:45:50

Marcos Cal Ogando na data 09/10/2019 16:46:01



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



(0058734) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 16:52:27
Nº Rexistro: 58734
 Data envío: 11/11/2019 16:52:27,806



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **57302 [10/PNP-004240]**, do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“4. Aprobar unha moratoria na construción de grandes superficies comerciais na área de Vigo.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
 Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
 Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTROD106B6D26
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp_bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:52:27
Nº Rexistro: 58734
Data envío: 11/11/2019 16:52:27.806

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2019 16:49:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 16:49:54

CSV: REXISTRODI:wbE630z6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





4.6 10/PNP-004246 (0057356)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Eva Solla Fernández

Sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial



(0057356) Entrada da iniciativa

**GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 13:54:01
Nº Rexistro: 57356
Data envío: 10/10/2019 13:54:01.393

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende a chegada da crise, a precariedade pasou a consolidarse en Galicia como un factor totalmente estrutural no mercado de traballo. Nin a propia Administración pública fuxe desta situación, que lonxe de dar exemplo na estabilidade laboral fomenta cada día máis, situacións precarias.

Un dos maiores exemplos de precariedade exercida dende a Administración Pública e a do Servizo Galego de Saúde, con récord de temporalidade e sobrecarga de traballo para o persoal que presta servizos no mesmo.

A eliminación de postos de traballo mediante amortizacións dos mesmos e a escasa planificación nas Ofertas Públicas de Emprego, provocou unha perda de profesionais que afecta ao funcionamento do propio sistema e dificulta a ordenación dos servizos.

Ademais, esta situación que afecta directamente á calidade asistencial que se presta nun servizo tan delicado como é o da saúde, vulnera tamén os dereitos laborais das traballadoras e traballadores, tanto en material de abuso na temporalidade, tempos de descanso ou dereitos retributivos.

Unha situación intolerable provocada por unha mala xestión e unha política de recortes e deterioro dos servizos públicos, que no que se refire á material laboral xa recibiu varios toques de atención por parte de Europa, a Seguridade Social ou



CSV: REXISTROX0049W9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 10/10/2019 13:54:01
Nº Rexistro: 57356
 Data envío: 10/10/2019 13:54:01.393

o Tribunal de Xustiza de Galicia.

Con todo, o Goberno segue sen tomar nota, axudando no aumento da precariedade e no deterioro dos nosos servizos públicos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dotar o Sergas cos recursos económicos suficientes para poder negociar un plan de estabilidade na Mesa sectorial, que cumpra coas ratios axeitadas e permita convocar as Ofertas Públicas de Emprego coa finalidade de rematar co abuso na contratación temporal e a sobrecarga de traballo.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.


Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/10/2019 13:47:38

José Manuel Lago Peñas na data 10/10/2019 13:47:48





(0058717) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda núm. 57356 (10/PNP-4246)**, sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 12 e 13 de novembro de 2019.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a publicar, antes de tres meses, desagregado por EOXI e centros, o número de persoal, diferenciando fixo e eventual, así como as previsións de xubilación.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/11/2019 11:11:13

CSV: REXISTRO0e0nGp0u9
Verificación:
https://sede.parlamentod Galicia.gal/tramite/csv





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 13:01:23
Nº Rexistro: 58717
Data envío: 11/11/2019 13:01:23.780

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 11:11:25

CSV: REXISTROXERALGP09
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





4.8 10/PNP-004317 (0058006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración



(0058006) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A política de vivenda continua a ser un dos puntos máis febles do Goberno do Sr. Feijoo, e dos máis sangrantes para a cidadanía galega.

As estatísticas e crecente demanda de vivenda pública a prezo asequible medra mes a mes. Exactamente en orde a 140 demandantes novos ó mes, preto de 5 demandantes novos ó día, desde maio do 2018, cun incremento en todos estes meses de practicamente 2.500 demandantes novos, e resultando un total de 14.286 a día de hoxe.

Son varias as vías que se deben traballar para resolver as necesidades destas familias demandantes e unha delas é a mobilización do parque de vivendas baleiras de Galicia. Non só para dar resposta ós colectivos máis vulnerables, senón a toda a sociedade. A falla de oferta de vivendas de aluguer no mercado libre está a dificultar o acceso por prezo e tamén por calidade das mesmas.

Existe reticencia por parte dos posuidores das vivendas para poñelas no mercado en réxime de alugueiro de larga duración. Non se pode pensar que esta decisión que parece terse cronificado e estendido entre moitos propietarios e propietarias ten unha explicación baseada no capricho.

Calquera persoa propietaria desexa unha rendibilidade para a súa vivenda. Porque ter unha vivenda baleira non só significa renunciar a ingresos, senón que conleva gastos de mantemento e polo tanto perda de patrimonio.

Unha das grandes razóns que alegan todas as persoas propietarias para non ofertar a súa vivenda baleira para o alugueiro é a inseguridade xurídica fronte ó impago.

Son varias as comunidades autónomas que xa teñen posto en marcha medidas neste sentido e contemplan axudas para os propietarios de vivendas baleiras co fin de cubrir o 100% do importe dun contrato de seguros fronte o impago e

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTROEMP/AK3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csvf





fronte a cuestións básicas como danos e posible reparacións por vandalismo, impagos de recibos dos subministrados da vivenda, defensa xurídica ou gastos de cerraxería. E contemplan tamén axudas para as obras de acondicionamento desas vivendas que precisen dunha posta a punto.

En Galicia este tipo de medidas contéplanse no Programa de vivendas baleiras, pero as restricións deste programa na súa limitación da renda cun prezo máximo desmotivan a moitas persoas propietarias de vivendas que ou ben pola calidade ou pola superficie da súa vivenda consideran poderían aspirar a rendas superiores ás marcadas, que no mellor dos casos roldaría os 450 € nas principais cidades de Galicia. Un redondeo de prezos que ignora a realidade do mercado real e as diferencias entre zonas nas cidades, sendo as áreas centrais as que máis sofren os incrementos e a perda de vivendas que se destinan ó alugueiro turístico.

Esta realidade é a que anima a moitos deles a incorporar as súas vivendas non tanto ó aluguer de longa duración senón máis ben ó aluguer como vivenda turística, conseguindo rendibilidades maiores en franxas temporais menores, o que favorece a maior dispoñibilidade sobre a vivenda en caso de ter que recuperala para o uso propio ou o dun familiar como residencia habitual.

Polo tanto parece necesario incentivar a mobilización de todas as vivendas baleiras en Galicia e tratar de desprazar o interese das persoas propietarias polo aluguer turístico reducindo principalmente os riscos que asumen cando ofertan a súa vivenda para o aluguer de longa duración.

Incentivar a maior oferta de vivendas en aluguer de longa duración reducirá de forma natural os prezos medios de aluguer, dará resposta á necesidade de maior oferta de vivenda, e axudará a recuperar o equilibrio coa oferta de vivendas turísticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver, antes do primeiro trimestre do 2020, un programa específico de axudas para a mobilización de vivendas baleiras para o seu alugamento para todas as vivendas de titularidade privada que tendo unha condición previa demostrada de vivenda baleira se vaian destinar ó alugueiro de longa duración, e que contemplan como mínimo:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO00119AK9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramite/csv/





- A cobertura, que podería ser total, dun seguro multirrisco que cubra como mínimo o risco de impago das rendas, reparacións por vandalismo ou desperfectos, impagos de recibos dos subministrados da vivenda, defensa xurídica ou gastos de cerraxería.
- Axudas económicas limitadas para as obras de posta a punto da vivenda previa a súa posta en aluguer.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/10/2019 12:07:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2019 12:08:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2019 12:08:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/10/2019 12:08:34





(0058735) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 16:52:39
Nº Rexistro: 58735
 Data envío: 11/11/2019 16:52:39.588



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **58006 [10/PNP-004317]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto *in fine*:

“Asemade, o goberno galego promoverá a creación dunha bolsa de vivendas baleiras para alugueiro social mobilizando para este fin as vivendas propiedade da banca e dos fondos de investimento especulativos.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
 Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
 Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REX:5TTR0R2EK12Ww8
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:52:39
Nº Registro: 58735
Data envío: 11/11/2019 16:52:39.588



REGISTRO
004270042700
00427000

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp_bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2019 16:51:34

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 16:51:42

CSV: REXISTRO2EK2Wn8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0058747) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:22:22
Nº Rexistro: 58747
Data envío: 11/11/2019 18:22:22,606

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado **Jaime Castiñeira Broz** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **58006 (10/PNP-004317)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración.

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver, antes do primeiro trimestre do 2020, un programa específico de axudas para a mobilización de vivendas baleiras para o seu alugamento para todas as vivendas de titularidade privada que cumpran os requisitos e que se atopen baleiras ou con contrato vencido e se vaian destinar ao alugueiro de longa duración, e que contemple como mínimo:

- A cobertura, que podería ser total, dun seguro multirisco que cubra como mínimo o risco de impago das rendas, reparacións por vandalismo ou desperfectos, defensa xurídica ou gastos de cerraxería.
- Axudas económicas limitadas para as obras de posta a punto da vivenda previa a súa posta en aluguer.
- Establecemento no 20% da porcentaxe de incremento do prezo máximo de alugueiro das vivendas, sempre que así o solicite o concello e se acorde na comisión de seguimento”.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 11/11/2019 18:20:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REX-ESTROKJ3R97Ue5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csvf





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:22:22
Nº Registro: 58747
Data envío: 11/11/2019 18:22:22.606

Pedro Puy Fraga na data 11/11/2019 18:20:34

CSV: REXISTROXJ9R97U05
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



4.9 10/PNP-004335 (0058181)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Beatriz Mato Otero
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electointesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto. (Procedemento de urxencia)



(0058181) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58181
Data envío: 28/10/2019 19:11:19.224

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso, Beatriz Mato Otero, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeira Broz, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de achegar certeza a un sector industrial fundamental para o tecido económico galego, que necesita un marco estable para garantir un prezo competitivo da enerxía coa que traballa.

Exposición de motivos

Os traballadores de factoría que Alcoa ten en San Cibrao, ten explicado que os case 25 millóns de euros destinados polo Consello de Ministros o pasado venres, 25 de outubro, a través das subvencións para compensar emisións indirectas de CO2 son totalmente insuficientes para garantir un prezo da electricidade realmente competitivo como 0 que dispoñen as empresas electrointensivas noutros países da nosa contorna, como Francia ao Alemaña.

Desde o Grupo Parlamentario Popular compartimos esta valoración, en tanto que estas axudas son só unha das medidas incluídas na proposta de Estatuto para os



CSV: REXISTROBNVEEDY8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 29/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58181
 Data envío: 28/10/2019 19:11:19.224

Consumidores Electrointensivos que a Xunta ten entregado aos partidos a nivel nacional para tratar de desbloquear a situación.

As outras iniciativas recollidas son:

- Medidas de carácter fiscal, como a supresión do imposto do 7% á xeración eléctrica a todos os consumidores, sexan grandes empresas, pemes ou particulares; e do céntimo verde ao carbón.
- Redución de cargas e peaxes recollidos nas tarifas de acceso, co obxectivo de axustar os custos de transporte ao resto de países europeos.
- Fomento dos contratos bilaterais de enerxía eléctrica, de tal maneira que o consumidor poida asegurar o seu prezo do mercado eléctrico para un determinado volume.
- A necesidade irrenunciable a incorporación da categoría do consumidor hiper – electrointensivo.

Con todas estas medidas, sumadas á poxa de interrompebilidade, a industria electrointensiva galega poderá competir en igualdade de condicións co resto de Europa, situando o prezo do MW entre os 35 e os 40 euros.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia apoia a proposta de Estatuto para os Consumidores Electrointensivos elaborada polo goberno galego e a insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para solicitarlle que asuma esta proposta e que, en consecuencia, adopte todas as medidas previstas de maneira inmediata en tanto que a situación dos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
 gp-pp@parlamentodegalicia.es
 www.ppdeg Galicia.com

CSV: REXISTROXK5EEDV/B
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 29/10/2019 09:30:00
Nº Registro: 58181
 Data envío: 28/10/2019 19:11:19.224

5.000 empregos que en Galicia dependen da industria electrointensiva é crítica, moi especialmente daqueles que dependen da factoría de Alcoa San Cibrao”.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/10/2019 19:05:01

Daniel Vega Pérez na data 28/10/2019 19:05:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/10/2019 19:05:58

Marta Novoa Iglesias na data 28/10/2019 19:06:16

Moisés Blanco Paradelo na data 28/10/2019 19:06:31

Moisés Rodríguez Pérez na data 28/10/2019 19:06:46

María Antón Vilasánchez na data 28/10/2019 19:07:22

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/10/2019 19:07:47

Sandra Vázquez Domínguez na data 28/10/2019 19:07:59

Diego Calvo Pouso na data 28/10/2019 19:08:15

Beatriz Mato Otero na data 28/10/2019 19:08:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/10/2019 19:08:42

Raquel Arias Rodríguez na data 28/10/2019 19:08:58

Jaime Castiñeira Broz na data 28/10/2019 19:09:13

CSV: REXISTROXK5E0V18
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramite/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2019 09:30:00
Nº Registro: 58181
Data envío: 28/10/2019 19:11:19.224

María Julia Rodriguez Barreira na data 28/10/2019 19:09:31

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/10/2019 19:09:43

CSV: REXISTROXK5E0V18
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0058720) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 11/11/2019 13:35:03
Nº Rexistro: 58720
 Data envío: 11/11/2019 13:35:03,668

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **58181 [10/PNP-004335]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electointesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Así mesmo, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a traballar nunha proposta de redución das peaxes de transporte que sexa extensiva para os pequenos e grandes consumidores galegos nos que se compense por esta vía os custos sociais e ambientais do papel de Galiza de produtora de enerxía por medio dunha tarifa eléctrica galega.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO/awzU1kne8
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp_bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/11/2019 13:33:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2019 13:33:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 13:35:03
Nº Registro: 58720
Data envío: 11/11/2019 13:35:03.668

CSV: REXISTROViewZU1kne8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0058743) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electroativos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto (doc. núm. 58181).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que, unha vez constituído, revise as alegacións presentadas e aprobe de xeito prioritario o Estatuto de Consumidores Electroativos.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/11/2019 17:56:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2019 17:56:15



(0058745) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular núm. 58181 (10/PNP-004335)** sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electroativos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto, incluída na sesión plenaria do 12 e 13 de novembro de 2019.

Emenda nº 1 de substitución.

Debe substituírse a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1.- O Parlamento de Galicia apoia a proposta de Estatuto para os Consumidores Electroativos tendo en conta as alegacións elaboradas polo goberno galego, as empresas, os sindicatos e todos os partidos políticos de Galicia representados no Parlamento de Galicia, e insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para solicitarlle que asuma estas propostas.”

Emenda nº 2 de engádegas.

Deben engadírense os seguintes puntos a parte resolutiva:

“2.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a recoller dentro do Estatuto a necesidade de quitar a produción nuclear e hidráulica do Pool de poxas diarias para que poida ser comercializada mediante PPA'S a prezo taxado para as industrias electroativas.

3.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a solucionar todas as posibles trabas para garantir que a poxa de interrumpibilidade do mes de





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 18:15:24
Nº Rexistro: 58745
Data envío: 11/11/2019 18:15:24.619

decembro de 2019 se poda realizar no prazo previsto cunha duración mínima de aplicación dun ano.

4.- Instar a empresa ALCOA a desenvolver a acometida de gas a planta de aluminio para quentar os fornos de fundición que nestes momentos aliméntanse de fuel.

5.- Instar a empresa ALCOA a realizar inversións para mellorar os procesos e os produtos para producir aluminios de calidade para a industria aeronáutica, para o automóbil, etc. e así poder vender os de maior valor engadido, cousa que non está a suceder nestes momentos.

6.- Exixir a Alcoa que na próxima poxa de interrumplibilidade solicite bloques polo total de 385 Mw que necesita a factoría para funcionar a plena capacidade.

7.- Condicionar todo tipo de axudas estatais ou autonómicas ao mantemento ou incremento dos postos de traballo, incorporando aos traballadores eventuais a plantilla fixa da compañía.

8.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica e a propia Xunta de Galicia a vixiar e regular a entrada de aluminio producido fora de UE polos portos españois.

9.- Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO2 dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidores de electricidade, lle fagan a competencia as factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade da factoría de San Cibrao.

10.- Comezar a traballar xa, en colaboración coa empresa, nos traballos técnicos e medioambientais para desenvolver unha nova balsa de barros xa que a balsa





actual podería chegar a colmatar no ano 2025 poñendo en risco o futuro da factoría de Alúmina de San Cibrao.”

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 11/11/2019 18:14:31

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 18:14:49



